



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO



A Rede Museística provincial a través do departamento de didáctica pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso 2015/2016 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado na Rede Museística.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero

rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos este curso deberase contactar co departamento de Didáctica do Museo por teléfono ou correo electrónico.

Actividades escolares

Crea o teu museo

Metodoloxía: Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo.

Nivel educativo: 3º, 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria.

Museo relator de historias

Metodoloxía: Con esta actividade son os propios escolares os que constrúen o significado das pezas do museo, co que se potenciará a súa capacidade de observación e reflexión ao tempo que se fomenta o seu espírito crítico.

Nivel educativo: 3º, 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria.

O Museo como retrovisor histórico

★ A agulla de marear

Metodoloxía: Dende os inicios dos tempos, o ser humano foi artellando sistemas e aparatos para afastarse cada vez máis da costa e chegar máis e máis lonxe. A través da análise dos diversos instrumentos de navegación cos que contamos no Museo do Mar, converterémonos en intrépidos mariños e seremos quen de descubrir novos mundos.

Nivel educativo: BAC



Viaxes polos Museos da rede

★ Por aí resopla!

Metodoloxía: O Museo Provincial do Mar ten o privilexio de ser o custodio dos osos dunha especie de balea xa extinguida e que se cazaba ata o século XVIII nas augas do Cantábrico. Imos navegar cara atrás no tempo para mergullarnos na tradición daqueles cazadores de baleas.

Nivel educativo: Educación Primaria e E.S.O.

★ Largando as redes

Metodoloxía: Cando os mariñeiros largan as súas redes ás augas do mar, non teñen a certeza de que vai vir nelas. Así tamén os nosos visitantes, por medio de un xogo de pistas, Terán que averiguar que especies teñen capturado e que arte usaron.

Nivel educativo: Educación primaria.

Departamento de Didáctica do Museo do Mar

982 594 572

museodomar@museolugo.org

